



Resolución do Director-Xerente da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo I, grupo II, grupo III categoría 62 e grupo IV, de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por medio de Resolución de data de 27 de decembro de 2022, o director xerente da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA) convocou o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo I, grupo II, grupo III categoría 62 e grupo IV, de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA). De acordo co establecido no epígrafe IV das bases que rexen o proceso,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear o tribunal cualificador do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nos grupos I, grupo II, grupo III categoría 62 e grupo IV, de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), o cal contará coa seguinte composición:

Presidencia:

Titular: Sonia Piñeiro Saá, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Suplente: Javier Suárez Salvado, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.





Secretaría:

Titular: Luis Miguel Vázquez Carreira, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Suplente: Joan Ribot Margarit, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Vogais:

Titular: María Inmaculada Pérez Fernández, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Suplente: María Dolores Tobío Barreira, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Titular: Lucía García Velasco, persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, grupo I, titulada superior.

Suplente: Fernando Asperilla Pinilla, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Titular: Luz Aguiar Vale, persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, grupo I, titulado/a superior.

Suplente: Ana María Aboy Fernández, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Segundo.- Publicar a presente resolución no Diario Oficial de Galicia e no portal web corporativo <https://www.funga.org>.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director-xerente da FUNGA

Juan José Couce Prego

